<p align="center">

<em>As federacións empresariais contaron por fin con apoio policial para poder atender os servizos mínimos, aínda que fora minimamente</em></p>

<p align="center">

<strong>O sector insiste en culpar ao inmobilismo da Xunta dos graves prexuízos da folga </strong></p>

<p style="margin-left:35.7pt;">

·        Anetra, Fegabús e Transcargar consideran inxustificable e absurda a negativa da Administración a retomar a negociación con todas as partes “para frear un contrasentido que está a causar grandes perdas económicas ás empresas”.</p>

<p style="margin-left:35.7pt;">

 </p>

<p style="margin-left:35.7pt;">

·        O sector tacha de incoherente equiparar o modelo de transporte integrado de Castela e León co que se pretende montar en Galicia, pois son realidades completamente diferentes, en poboación e dispersión xeográfica.</p>

<p>

 </p>

<p>

 </p>

<p>

<strong>Santiago (27-06-17).-</strong>Nova xornada de decepción para as empresas do transporte de viaxeiros por estrada, cunha folga de enorme incidencia que está a causar grandes perdas económicas e o inmobilismo da Xunta de Galicia como única resposta. As federacións Anetra, Fegabús e Transgacar si puideron esta vez contar con apoio e presenza policial para tentar afrontar os servizos mínimos, ao contrario do ocorrido a semana pasada, cando os empresarios esperaban maior axuda ante a previsible actuación dos piquetes.</p>

<p>

 </p>

<p>

<img alt="" height="139" src="http://www.transgacar.es/noticias/IMG-20170627-WA0002.jpg" width="169" />    <img alt="" src="http://www.transgacar.es/noticias/IMG-20170627-WA0003.jpg" style="width: 160px; height: 135px;" /><img alt="" height="134" src="http://www.transgacar.es/noticias/IMG-20170627-WA0001.jpg" width="160" /></p>

<p>

 </p>

<p>

Na xornada de hoxe, cunha estimación de seguimento da folga superior ao 85%, a intervención policial permitiu a saída dalgúns vehículos con servizos mínimos asinados, aínda que tamén se notou enormemente a presión dos piquetes.</p>

<p>

 </p>

<p>

A mañá transcorreu con preocupación e unha vez máis esperando sen éxito unha chamada da conselleira que permita retomar a negociación no punto en que quedou o pasado 16 de xuño, na primeira e única reunión con empresas e traballadores, cando máis preto estivo a posibilidade de entendemento para reconducir o controvertido Plan de Transporte Público da Xunta. Anetra, Fegabús e Transgacar consideran inxustificable e absurda a negativa de Ethel Vázquez a retomar o diálogo con todas as partes e “frear un contrasentido que está a causar grandes perdas económicas”.</p>

<p>

Sobre a visita do conselleiro de Fomento de Castela e León, as tres federacións entenden que é unha incoherencia tratar de

equiparar o transporte escolar integrado desta autonomía co que pretende facer a Xunta en Galicia. “Ademais de que o modelo está a levar á descapitalización e á ruína ás empresas de Castela e León _sinalaron_, trátase de realidades de poboación e dispersión xeográfica totalmente incomparables”.</p>
<p>
 </p>
<p>
 </p>
<p>
 </p>